

Estimadas familias do alumnado de 1º

Nestas semanas de confinamento lembrarvos que:

1. Debedes falar cós vossos fillos e fillas sobre a situación actual cunha linguaxe positiva e de forma que eles a entendan. Poden facer todo tipo de debuxos alusivos ou manifestacións artísticas e creativas sobre o tema.
2. É un bo momento para que os nenos e nenas afiancen competencias como atarse, vestirse sós (moitos xa o fan), dobrar a ropa, facer a cama, poñer/recoller a mesa, organizar os xoguetes e a habitación, limpar as súas cousas e todo o que vós consideredes oportuno. Incluso bricolaxe fácil...
3. É tamén un bo momento para descubrir novas actividades. Os nenos e nenas poden sorprendernos cando descubren a cantidade de cousas que son capaces facer, aínda que non sexa de forma perfecta. Tespectade tamén a súa necesidade de movemento e actividade física na medida do posible.
4. No espazo de alumnos e alumnas desta aula virtual, está colgado o traballo escolar que están a facer e tamén novas fichas organizadas en carpetas, ou enlaces a webs.
5. Debedes dosificar ben as fichas e darlles tempo suficiente para facelas. Non é o mesmo traballalas na aula que na casa. Na aula, debatimos moito sobre como facelas e adoitamos buscar solucións entre todos.
6. Evitade entrar nunha “loita” cós nenos e nenas para que traballen. Buscade negociacións razoables planificando o traballo. Sodes vós os que organizades as prioridades familiares de cada xornada.
7. Se non dispoñedes de impresora non hai problema. Poden facer o traballo en libreta ou incluso de forma oral.
8. Non se trata de “saturarvos” con material, pero sí queremos que dispoñades de recursos didácticos.. Non hai que facelo todo nin moito menos. Vós mesmos ides seleccionando o que vos pareza, un pouquiño de cada carpeta.
9. Hai traballo de diferentes niveis de dificultade, procurando abarcar os contidos e habilidades traballados. Non todos os nenos afianzan a lectoescritura ou o cálculo no mesmo momento, é cuestión de respectar os tempos de cada un.
10. Buscade sempre que sexan o máis autónomos posible nas tarefas cotiás e na vida en xeral. A autonomía é un indicador de evolución e madurez.

Agora, toca cuidarse moito.

Un saúdo e moito ánimo!

Eugenia